

ANEXO VII

DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA DE AXUDAS

Dona con DNI

en calidade de representante ou promotora,

DECLARO :

Non ter solicitado ou percibido ningunha outra axuda das administracións ou entidades públicas para a miña constitución como autónoma ou para a creación da empresa.

Ter solicitado ou percibido subvencións das administracións ou entidades públicas ou organismos a elas vinculados ou dependentes, para a miña constitución como autónoma ou para a creación da empresa polos conceptos que se indican:

CONCEPTO DA AXUDA	SOLICITADA / CONCEDIDA / PERCIBIDA (*)	IMPORTE (EUROS)	ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE PÚBLICA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Asdo.:

(sinatura de todas as promotoras)

Lugar e data

, de de 200

* Indíquese o que corresponda

Resolución do 18 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións dirixidas a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento de programas destinados á promoción e á formación de mulleres e se procede á súa convocatoria.

O Estatuto de autonomía, no seu artigo 4, determina que lles corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

A Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, establece o compromiso da comunidade autónoma na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade definindo os mecanismos para fomentar o protagonismo das mulleres como parte activa do desenvolvemento da nosa sociedade.

A Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, de creación do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, establece no seu artigo 3 como funcións deste organismo colaborar coas entidades que polos seus fins contribúan á consecución dos obxectivos

establecidos; así como incentivar a participación das mulleres na vida política, económica, cultural, educativa e social así como desenvolver actuacións dirixidas a facilitar a súa formación para o emprego.

O Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, atribúelle á Vicepresidencia as competencias en materia de igualdade de xénero, que serán exercidas de acordo co establecido no Estatuto de autonomía de Galicia.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, establece no seu artigo 1 que o departamento competente en materia de igualdade establecerá anualmente un plan de axudas económicas destinadas ás asociacións de mulleres con sede en Galicia para o desenvolvemento de actividades que promovan a prevención, protección, asistencia e acompañamento ás mulleres que sofren violencia de xénero; tamén indica que establecerá axudas destinadas a que o movemento asociativo en Galicia desenvolva actividades que promovan a prevención e a erradicación da violencia de xénero.

Nesta convocatoria establécense ás bases reguladoras para as distintas axudas e subvencións que no exercicio 2008 este organismo destina a distintas accións a realizar por entidades de iniciativa social

sen ánimo de lucro, de xeito que se unifican nunha soa resolución os distintos programas que o organismo dirixe as entidades de iniciativa social co obxecto de facilitarlles ás destinatarias a súa tramitación.

Os distintos programas que se prevé desenvolver coa achega das subvencións previstas abranguen diversas actuacións definidas nos eixos xenéricos da promoción e formación da muller e tratamento integral da violencia de xénero, desde a realización de actividades básicas de información, voluntariado de acompañamento ata o desenvolvemento de programas de recursos integrados para mulleres en situación de exclusión especial, para superar situacións de discriminación ou desigualdade e atendendo de xeito singular ao desenvolvemento de accións formativas de cara a facilitar o acceso das mulleres ao emprego en condicións de igualdade, obxectivo específico para o que se establecen medidas complementarias de corresponsabilidade no coidado de persoas dependentes para lles facilitar as alumnas a súa incorporación aos procesos formativos.

As subvencións reguladas nesta resolución concederanse en réxime de concorrencia competitiva tendo en conta, en todo caso, os principios básicos de publicidade, transparencia e obxectividade; ao longo de todo o procedemento haberá que a terse ao disposto na normativa autonómica e na estatal e comunitaria de aplicación, con especial atención aos regulamentos comunitarios que regulan a xestión de fondos estruturais posto que as partidas orzamentarias dedicadas aos distintos programas están cofinanciadas ao 80% polo Fondo Social Europeo. Coa fin de lles facilitar ás entidades a execución das accións formativas reguladas na sección 5ª desta disposición e en aplicación do disposto no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, vixente en canto non se opoña ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, esta resolución prevé o pagamento en concepto de anticipo, con excepción de achegar garantía, do 50% do importe da concesión, circunstancia suxeita á autorización do Consello da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, e no exercicio das facultades que teño atribuídas,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I FINALIDADE E RÉXIME DAS AXUDAS

Artigo 1º.-*Finalidade.*

1. O obxecto desta resolución é fixar as bases reguladoras e a convocatoria pública, para o ano 2008, das axudas, colaboracións e subvencións establecidas polo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller para apoiar o desenvolvemento de programas destinados a facer posible a incorporación das mulleres na vida política, económica, cultural, social e laboral e o coñecemento do seu contorno; fomentar a relación e colaboración

entre as asociacións de mulleres para acadar a igualdade real e efectiva e a non-discriminación entre homes e mulleres, realizar actividades de prevención e tratamento integral da violencia de xénero; así como apoiar a prestación de atención especializada ás mulleres e colaborar na mellora da súa formación e cualificación profesional, a través dos seguintes programas:

- Programa 1: de promoción de actividades.
- Programa 2: centros de atención especializada.
- Programa 3: recursos especializados.
- Programa 4: estímulo á formación de mulleres.

2. As bases específicas de cada programa regúlanse no capítulo III desta resolución.

3. A concesión destas subvencións realizarase mediante o réxime de concorrencia competitiva segundo os criterios que para os distintos programas se establecen nesta resolución e resolverase dentro das disponibilidades orzamentarias definidas no artigo 2º.

Artigo 2º.-*Financiamento.*

Para a concesión das axudas convocadas nos distintos programas desta resolución destínase a cantidade total de 1.600.000 euros que se financia con cargo ás partidas orzamentarias 05.80.313B.481.0 (programa 1: 500.000 €), 05.80.313B.481.2 (programas 2 e 3: 575.000 €) e 05.80.313B.481.1 (programa 4: 525.000 €) que figuran na Lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2008. O crédito consignado está cofinanciado ao 80% polo Fondo Social Europeo. As referidas contías poderán incrementarse de acordo coas disponibilidades orzamentarias nos supostos previstos no artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen que iso supoña a modificación do prazo de presentación de solicitudes.

Artigo 3º.-*Normativa aplicable.*

As solicitudes, tramitación e concesión destas axudas e subvencións axustaranse ao disposto no Regulamento (CE) 1083/2006, do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia en canto non se opoña a esta lei; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Lei anual de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2008; na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, nesta resolución e demais normativa de aplicación.

En canto á información e publicidade das accións que se realicen ao abeiro desta resolución rexerá o dis-

posto no Regulamento (CE) nº 1828/2006, da Comisión, do 8 de decembro, que fixa normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) 1083/2006 do Consello, pola que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, e o Regulamento (CE) 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e demais normativa de aplicación.

CAPÍTULO II

NORMAS COMÚNS: COMPETENCIA E PROCEDEMENTO

Artigo 4º.-*Competencia.*

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas e subvencións previstas nesta resolución, corresponderalles:

a) Ás delegadas e aos delegados provinciais do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, por delegación da directora xeral, cando se trate de axudas relativas aos programas de promoción de actividades regulado na sección 1ª do capítulo III e ao de estímulo da formación regulado na sección 4ª do capítulo III.

b) Á directora xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller no resto dos supostos.

Artigo 5º.-*Destinatarias.*

Poderán solicitar as axudas as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que cumpran as obrigas e requisitos exixidos nesta resolución que deberán estar inscritas, o último día de presentación de solicitudes, na área de muller do Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais. Quedarán excluídas aquelas que con anterioridade recibisen algunha outra axuda deste organismo e non xustificasen o seu investimento.

Artigo 6º.-*Solicitudes e prazo.*

1. As solicitudes presentaranse nos modelos normalizados que se publican nesta resolución e dirixiranse ao órgano competente para resolver. Presentaranse por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo para a presentación de solicitudes de axudas dos distintos programas será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

3. As solicitudes deberán ir acompañadas da documentación xeral exixida no artigo 7º e da documentación específica que se establece para cada programa ou tipo de axuda.

Artigo 7º.-*Documentación xeral.*

1. Segundo dispón o artigo anterior, ademais da documentación específica de cada programa, as soli-

citudes presentaranse xunto cos seguintes documentos:

a) Fotocopia do DNI da persoa física que asina a solicitude e certificación orixinal que acredite poder suficiente para actuar en nome da entidade.

b) Fotocopia compulsada da tarxeta de identificación fiscal.

c) Declaración orixinal asinada pola/o representante legal da entidade de todas as axudas, solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas ou organismos delas dependentes, entes ou sociedades, ou, se é o caso, declaración de que non se solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

d) Certificación orixinal expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta na que conste: código de banco, código de sucursal, dígito de control e código de conta corrente.

e) Orzamento do exercicio corrente e balance de situación da entidade.

f) Cando se trate dunha federación ou confederación, presentarase certificación orixinal da/o secretaria/o, co visto e prace da/o presidenta/e, ou órganos similares, acreditativa das asociacións ou federacións integradas, especificando o nome, CIF, número asignado no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais na área específica da muller e número de socias de cada unha delas.

2. Sen prexuízo do disposto na normativa vixente, as entidades solicitantes non achegarán os documentos sinalados nas letras a), b) e d) deste artigo, agás que se produxise algunha variación ao respecto dos datos que constan en poder do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

Artigo 8º.-*Emenda da solicitude.*

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non achegase a documentación exixida, as unidades administrativas encargadas da tramitación do expediente requirirán a entidade solicitante para que, no prazo de dez días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixese se terá por desistida a petición, logo da resolución, de conformidade co previsto no artigo 71 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 9º.-*Valoración de solicitudes.*

1. A dirección xeral e cada delegación provincial designará unha comisión de valoración para o estudo e avaliación das solicitudes recibidas e debidamente cubertas. Cada unha delas estará composta por tres membros, o/a presidente/a e dous vogais, actuando un deles como secretario, nomeados pola/o delegada/o provincial ou pola directora xeral, segundo corresponda.

2. Se por calquera causa, no momento no que as comisións de valoración teñan que examinar as solicitudes, algún dos seus membros non puidese asis-

tir, será substituído pola persoa que para o efecto designe a/o respectiva/o delegada/o provincial ou a directora xeral, segundo proceda.

3. As comisións de valoración avaliarán as solicitudes, segundo os criterios establecidos para cada programa e presentarán as propostas de concesión, tendo en conta que os créditos consignados no artigo 2º desta resolución.

4. Cando se trate de solicitudes presentadas para o mantemento de centros suxeitos a autorización e control da Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Centros da Secretaría Xeral, este organismo solicitaralle a esta unidade, con carácter previo ao estudo do expediente pola comisión de valoración, o informe sobre as condicións actuais dos centros.

Artigo 10º.-*Resolución e recursos.*

1. As resolucións dos expedientes de axudas, logo de fiscalización da proposta da comisión de valoración polas intervencións correspondentes, correspóndenlles ás/aos delegadas/os provinciais, por delegación da directora xeral, cando se trate dos programas regulados nas seccións 1ª e 4ª do capítulo III, e correspóndenlle á directora xeral do organismo nos demais supostos.

2. O prazo para resolver será de catro meses, que se computarán a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, poderá entenderse desestimada a solicitude, de acordo co establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As resolucións ditadas poñen fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes desde a súa notificación, de acordo co disposto no artigo 117 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

4. As subvencións concedidas publicaranse segundo dispón a normativa vixente. Na páxina web oficial do organismo e nos cinco días seguintes á notificación da concesión e unha vez recibida a aceptación, publicarase a relación de concesións con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a finalidade, segundo indica o artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Artigo 11º.-*Aceptación da subvención.*

Notificada a resolución de concesión de subvención, as entidades beneficiarias deberán manifestar por escrito a súa aceptación comprometéndose a executar o proxecto subvencionado no prazo e condicións establecidas nesta convocatoria. De non recibirse a aceptación no prazo de dez (10) días hábiles, contados desde a recepción da notificación da resolución, entenderase tacitamente aceptada. O escrito de aceptación dirixirase ao órgano competente para resolver, e sen prexuízo da obriga de presentación por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e co fin de evitar atrasos na tramitación comunicárase por fax ao órgano competente durante o período de aceptación.

Artigo 12º.-*Incompatibilidades e concorrencia.*

En ningún caso o importe das subvencións ou axudas concedidas ao abeiro desta resolución poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total do programa obxecto de axuda.

As entidades solicitantes deberán presentar, xunto coa solicitude, unha declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para un mesmo programa, segundo o establecido na letra c) do artigo 7º. Na fase de xustificación do pagamento deberán achegar unha declaración complementaria e actualizada co mesmo contido que a exixida coa solicitude.

Artigo 13º.-*Obrigas das/os beneficiarias/os das subvencións.*

1. Sen prexuízo das obrigas específicas referidas para as entidades beneficiarias das accións reguladas na sección 4ª, as entidades beneficiarias das axudas establecidas nesta resolución están obrigadas a:

- a) Non alterar o destino da subvención.
- b) Efectuar a xustificación do gasto conforme o establecido para cada programa.
- c) Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da comunidade autónoma, do Fondo Social Europeo, da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller para realizar as comprobacións e verificacións que se consideren precisas para a constatación do cumprimento do disposto nesta resolución e demais normas vixentes que resulten de aplicación e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a

concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polas entidades beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.

e) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

f) Presentar a 31 de decembro de 2008, a memoria final anual dos programas desenvolvidos pola entidade na área da muller.

2. O incumprimento das obrigas establecidas nesta resolución e na normativa aplicable será causa determinante de revogación da subvención, así como do reintegro, se é caso, dos importes percibidos e dos xuros de demora correspondentes.

Artigo 14º.-*Publicidade das accións.*

1. As entidades beneficiarias que leven a cabo accións dentro do programa de promoción de actividades informarán ás participantes de que se trata de accións con financiamento do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, organismo autónomo dependente da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e adscrito á Secretaría Xeral de Igualdade e dependente da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia e do Fondo Social Europeo.

2. Cando se trate de programas de centros e de recursos especializados deberá figurar, no lugar onde se realicen e de forma visible, un cartel informativo que indique que a acción ten financiamento do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, organismo autónomo dependente da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e adscrito á Secretaría Xeral de Igualdade e dependente da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia e do Fondo Social Europeo e no que figuren os anagramas correspondentes.

3. No referente ás accións reguladas na sección 4ª, no lugar onde se realicen as accións formativas deberá figurar, de forma visible, un cartel informativo en que aparezan os anagramas do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, organismo autónomo adscrito á Secretaría Xeral de Igualdade e dependente da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia e do Fondo Social Europeo.

4. Toda a documentación elaborada especificamente para o desenvolvemento das accións deberá incluír os logotipos das entidades e organismos mencionados nos parágrafos anteriores.

Artigo 15º.-*Modificación da resolución de concesión.*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención

concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderán dar lugar á modificación da resolución da concesión e, eventualmente, á súa revogación.

Artigo 16º.-*Revogación e reintegro.*

Procederá a revogación das concesións das subvencións, así como a apertura de expediente para o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia dos xuros de demora, nos termos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CAPÍTULO III

NORMAS ESPECÍFICAS: TIPOS DE PROGRAMAS

SECCIÓN PRIMEIRA

PROGRAMA 1: PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES

Artigo 17º.-*Obxecto.*

Este programa ten por obxecto sufragar parcialmente a realización de actividades destinadas a facer posible a incorporación das mulleres á vida política, económica, cultural, social e laboral e ao coñecemento do seu contorno, e fomentar a relación e colaboración entre asociacións de mulleres.

Artigo 18º.-*Beneficiarias.*

Poderán solicitar as subvencións entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que realicen accións baseadas no principio de igualdade de oportunidades das mulleres e cumpran o requisito establecido no artigo 5º desta resolución.

Artigo 19º.-*Tipos de axuda e contías.*

1. As actividades, para os efectos desta resolución, clasifícanse do seguinte xeito:

a) De fomento asociativo ou comunitario.

b) De información e asesoramento xeral na área de muller.

2. O importe das subvencións consideradas nesta modalidade poderá acadar o 80% do gasto efectivamente realizado respectando o tope máximo de 3.000 euros por tipo de axuda; e o tope máximo de 6.000 euros por entidade.

Artigo 20º.-*Gastos subvencionables.*

Poderán subvencionarse con cargo a este programa os gastos correntes e de persoal directamente vinculados ás actividades para as que se concede a axuda e que figuren debidamente reflectidos no orzamento presentado coa solicitude.

Artigo 21º.-*Solicitudes e documentación específica.*

As solicitudes dirixiranse á delegación provincial competente segundo a provincia na que se vaia desenvolver a actividade solicitada; cando unha entidade de ámbito autonómico pretenda realizar actividades en distintas provincias, as solicitudes dirixiranse ás delegacións provinciais correspondentes.

Presentaranse xunto coa seguinte documentación:

- a) Anexo I-1 debidamente cuberto e asinado.
- b) Documentos correspondentes que establece o artigo 7º.
- c) Proxecto de execución das actividades para as que se solicita a axuda, onde deberá figurar, necesariamente, a denominación de cada actividade, os obxectivos, a poboación a quen vai dirixido, o ámbito xeográfico e o calendario.
- d) Orzamento pormenorizado que reflicta separadamente cada tipo de gasto e o seu custo concreto con desagregación de impostos, ademais de indicar os medios materiais e humanos dos que dispón a entidade para a súa realización.

Artigo 22º.-*Criterios de valoración.*

As comisións de valoración elaborarán as súas propostas de acordo co seguinte baremo:

- 1) Achega de fondos propios para a realización da actividade: ata 3 puntos.
- 2) Non existencia de accións semellantes na mesma comarca: 3 puntos.
- 3) Ámbito de desenvolvemento das actividades: local ou comarcal: 3 puntos; superior: 1 punto.
- 4) Número de mulleres ás que se dirixen as actuacións: ata 50: 1 punto; máis de 50: ata 3 puntos.
- 5) Actividades que favorezan o acceso das mulleres ao coñecemento das novas tecnoloxías e a súa aplicación: ata 5 puntos.
- 6) Actividades que acheguen as distintas modalidades de ocio e tempo libre ás mulleres: ata 5 puntos.
- 7) Actividades que favorezan o movemento asociativo de mulleres novas: ata 5 puntos.
- 8) Actividades que favorezan o intercambio de experiencias entre asociacións de mulleres: ata 5 puntos.
- 9) Actividades que favorezan a práctica de deportes entre as mulleres, nomeadamente as de pouca práctica feminina: ata 5 puntos.
- 10) Actividades que favorezan a recuperación da historia das mulleres da localidade ou comarca, individual ou colectivamente: ata 5 puntos.
- 11) Actividades que favorezan o coñecemento dos dereitos das mulleres e o seu exercicio: ata 4 puntos.
- 12) Actividades dirixidas á integración de mulleres en proceso de exclusión social: ata 4 puntos.
- 13) Actividades dirixidas a facilitar o acceso ao mercado laboral: ata 4 puntos.
- 14) Actividades dirixidas a coñecer as características e condicións específicas da saúde das mulleres (reprodutiva, sexual, enfermidades máis relevantes...): ata 4 puntos.
- 15) Actividades dirixidas a promover a participación activa das mulleres no respecto ao ambiente: ata 4 puntos.
- 16) Actividades desenvolvidas en galego: 3 puntos.

3. Unha vez estudados e avaliados individualmente os expedientes correctamente cubertos, e sen prexuízo do establecido no articulado desta resolución, as comisións de valoración elaborarán a proposta de adjudicación tendo en conta que se deberá recoller, sempre que sexa posible, unha concesión por entidade, segundo a preferencia indicada polas entidades nas súas solicitudes.

Artigo 23º.-*Solicitud de anticipo.*

1. Segundo dispón o artigo 19º desta resolución, a contía máxima das subvencións previstas neste programa por entidade é de 6.000 euros, en consecuencia, atendendo ao establecido no artigo 16.2º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, as entidades adjudicatarias poderán solicitar un anticipo do 80% do importe concedido sempre que o soliciten antes de que remate o prazo de dez días a partir da recepción da notificación da concesión.

3. O importe restante da contía da subvención farase efectivo unha vez xustificada a realización da acción subvencionada, segundo se establece no artigo 24º.

Artigo 24º.-*Xustificación e pagamento.*

Procederá a liquidación final unha vez que as entidades beneficiarias xustifiquen debidamente o 100% do gasto realizado. No caso de que o importe da xustificación resulte inferior ao 125% do gasto subvencionado, minorarase a concesión inicial co fin de non superar o devandito tope. A data límite de presentación da xustificación é o 15 de novembro de 2008 e comprende a seguinte documentación:

- a) Certificación orixinal da/o secretaria/o co visto e prace da/o presidenta/e da entidade, ou órganos similares, que acredite que se realizou o gasto, o importe ao que ascendeu e que foi destinado para o fin para o que se concedeu.
- b) Declaración complementaria de axudas segundo o establecido no artigo 12º.
- c) Anexo II debidamente cuberto e asinado.
- d) Relación de xustificantes de gasto do custo total da acción segundo o orzamento en que consten: número e data da factura ou documento equivalente, concepto, importe total e importe imputado ao programa.
- e) Orixinal e copia das facturas, ou documentos equivalentes, dos gastos da actividade para os que se concedeu a axuda. Estes documentos estarán emitidos conforme a normativa aplicable e acompañaranse dos xustificantes de pagamento e, se é o caso, dos xustificantes de ter aboadas as cotas, taxas ou impostos correspondentes.

No caso de que a xustificación fose incorrecta e/ou incompleta, requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez días, advertíndolle que, de non facelo, se procederá, logo de resolución, á revogación da subvención e, de ser o

caso, a tramitación do expediente de reintegro da contía percibida e á existencia dos xuros de demora.

SECCIÓN SEGUNDA

PROGRAMA 2: CENTROS DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA

Artigo 25º.-*Obxecto.*

Este programa ten por obxecto sufragar gastos correntes e de persoal de centros especializados na atención a mulleres en situación de exclusión especial.

Artigo 26º.-*Beneficiarias.*

Poderán solicitar as subvencións as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro titulares de centros de atención especializada a mulleres, a excepción das casas de acollida e vivendas tuteladas que teñan outro sistema de financiamento, que cumpran o requisito establecido no artigo 5º desta resolución e, de ser o caso, que dispoñan das autorizacións correspondentes.

Artigo 27º.-*Gastos subvencionables e contías.*

1. Poderán subvencionarse con cargo a este programa os gastos correntes e de persoal realizados no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2008 e o 30 de novembro de 2008 directamente vinculados ao mantemento e funcionamento dos centros e que figuren debidamente reflectidos no orzamento presentado coa solicitude.

2. O importe das subvencións concedidas para este programa poderá acadar o 80% do gasto realizado e establecerase respectando os límites específicos resultantes da valoración de cada solicitude, co tope de 35.000 euros por entidade.

Artigo 28º.-*Solicitudes e documentación específica.*

As solicitudes dirixiranse á dirección xeral do organismo e presentaranse, xunto coa seguinte documentación, de acordo co establecido no artigo 6º:

- a) Anexo I-2 debidamente cuberto e asinado.
- b) Documentos correspondentes que establece o artigo 7º.
- c) Proxecto de execución do programa para o que se solicita a axuda onde figurarán, necesariamente, os obxectivos, a poboación a quen vai dirixido, o ámbito xeográfico, os medios materiais e humanos e o réxime de funcionamento.
- d) Orzamento pormenorizado que reflecta separadamente cada tipo de gasto e o seu custo concreto con desagregación de impostos, ademais de indicar os medios materiais e humanos dos que dispón a entidade para a súa realización.

Artigo 29º.-*Criterios de valoración.*

A comisión de valoración estudará e avaliará as solicitudes debidamente cubertas, e elaborará a súa proposta de acordo co seguinte baremo:

- a) Centros existentes en anos anteriores con financiamento deste organismo e rendemento estimado segundo o cumprimento de obxectivos e a súa xustificación: 5.

b) Non existencia doutros centros na mesma provincia: 4.

c) Atención a mulleres embarazadas ou con fillas e fillos sen recursos: 4.

d) Achega de recursos propios ou doutras administracións: 3.

e) Actividades complementarias dirixidas ás usuarias: 3.

f) Actividades desenvolvidas en galego: 2.

Artigo 30º.-*Pagamentos parciais e liquidación final.*

1. Poderán acordarse pagamentos parciais ata o máximo do 80% do importe da concesión, a conta da liquidación e xustificación final, a medida que a entidade xustifique ter realizado un gasto equivalente ao pagamento parcial sempre que presente os seguintes documentos:

a) Certificación orixinal de gasto subscrita pola/o secretaria/o co visto e prace da/o presidenta/e da entidade, ou órganos similares, que acredite que gastos foron realizados e o seu importe.

b) Declaración complementaria de axudas segundo o establecido no artigo 12º.

c) Relación de xustificantes de gasto na que consten: número e data da factura ou documento equivalente, concepto, importe total e importe imputado ao programa.

d) Orixinal e copia das facturas, ou documentos equivalentes, dos gastos correspondentes á xustificación parcial. Estes documentos estarán emitidos conforme a normativa aplicable e acompañaranse dos xustificantes de pagamento e, de ser o caso, dos xustificantes de ter aboadas as cotas, taxas ou impostos correspondentes.

2. Procederá a liquidación final unha vez que as entidades beneficiarias xustifiquen debidamente o 125% do gasto subvencionado. No caso de que o importe da xustificación resulte inferior e isto supoña que varía a porcentaxe de subvención inicialmente concedida, minorarase a concesión inicial co fin de non superar o devandito tope.

2.1. A data límite de presentación da xustificación da subvención é o 30 de novembro de 2008 e comprende a seguinte documentación:

a) Certificación orixinal da/o secretaria/o co visto e prace da/o presidenta/e da entidade, ou órgano similar, acreditativa do importe e dos gastos correspondentes ao custo da realización do programa e de que este foi destinado para o fin para o que se concedeu.

b) Declaración complementaria de axudas segundo o establecido no artigo 12º.

c) Declaración orixinal descritiva do programa realizado que indicará, polo menos, as actuacións concretas levadas a cabo, o seu custo real e o número das que participen directamente nelas.

d) Balance de ingresos e gastos, referido ao programa solicitado conforme o anexo III.

e) Relación de xustificantes de gasto na que consten: número e data da factura ou documento equivalente, concepto, importe total e importe imputado ao programa.

f) Orixinal e copia das facturas, ou documentos equivalentes, dos gastos correspondentes á liquidación final. Estes documentos estarán emitidos conforme a normativa aplicable e acompañaranse dos xustificantes de pagamento e, de ser o caso, dos xustificantes de ter aboadas as cotas, taxas ou impostos correspondentes.

2.3.- No caso de que a xustificación fose incorrecta e/ou incompleta, requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez días, advertíndolle que, de non facelo, se procederá, logo de resolución, á revogación da subvención e, de ser o caso, á tramitación do expediente de reintegro da contía percibida e á exixencia dos xuros de demora.

SECCIÓN CUARTA

PROGRAMA 3: RECURSOS ESPECIALIZADOS

Artigo 31º.-*Obxecto.*

Este programa ten por obxecto colaborar no financiamento da prestación de recursos especializados ás mulleres co fin de superar situacións de marxinaación ou de desigualdade.

Artigo 32º.-*Beneficiarias.*

Poderán solicitar as subvencións as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que desenvolvan programas definidos no artigo anterior e cumpran o requisito establecido no artigo 5º.

Artigo 33º.-*Tipos de axuda.*

Os programas de recursos especializados, para os efectos desta resolución, clasifícanse do seguinte xeito:

a) Programa de recursos para mulleres en situación de risco ou en proceso de exclusión social:

-Dirixido a mulleres que exercen a prostitución.

-Dirixido a mulleres reclusas.

-Dirixido a mulleres drogodependentes.

b) Programa de recursos de apoio dirixido a:

-Mulleres anciás soas.

-Mulleres con discapacidade.

-Mulleres inmigrantes.

-Mulleres pertencentes a minorías étnicas.

c) Programa de recursos integrados de atención permanente ás mulleres:

-Servizo especializado de apoio xurídico.

-Servizo especializado de apoio psicolóxico.

-Servizo especializado de apoio en saúde sexual e reprodutiva.

-Acompañamento a vítimas de violencia de xénero.

d) Outros programas de recursos adecuados aos obxectivos do organismo susceptibles de inclusión no ámbito deste programa.

Artigo 34º.-*Gastos subvencionables.*

1. Poderán subvencionarse con cargo a este programa os gastos correntes e de persoal realizados no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2008 e o 30 de novembro de 2008 directamente vinculados ao mantemento e funcionamento dos programas indicados e que figuren debidamente reflectidos no orzamento presentado coa solicitude.

2. O importe das subvencións concedidas para este programa poderá acadar o 80% do gasto realizado e establecerase respectando os límites específicos resultantes da valoración de cada solicitude.

Artigo 35º.-*Solicitudes e documentación específica.*

As solicitudes dirixiranse á dirección xeral do organismo e presentaranse, xunto coa seguinte documentación, de acordo co establecido no artigo 6º:

a) Anexo I-3 debidamente cuberto e asinado.

b) Documentos correspondentes que establece o artigo 7º.

c) Proxecto de execución do programa para o que se solicita a axuda onde deberán figurar, necesariamente, os obxectivos, a poboación a quen vai dirixido, o ámbito xeográfico, os medios materiais e humanos e o réxime de funcionamento.

d) Orzamento pormenorizado que reflecta separadamente cada tipo de gasto e o seu custo concreto con desagregación de impostos, ademais de indicar os medios materiais e humanos de que dispón a entidade para a súa realización.

e) Cando o proxecto presentado recolla a realización dun programa con actuacións que afecten varias epígrafes do artigo 33º, a entidade presentará unha soa solicitude na que incluírá un so orzamento e sinalará a denominación específica do programa no punto Outros do anexo I-3.

Artigo 36º.-*Criterios de valoración.*

A comisión de valoración estudará e avaliará as solicitudes debidamente cubertas, e elaborará a súa proposta de acordo co seguinte baremo:

a) Programas innovadores en atención integral a violencia de xénero: 5.

b) Programas existentes en anos anteriores con financiamento deste organismo con rendemento estimado segundo o cumprimento de obxectivos e a súa xustificación: 5.

c) Ámbito territorial/poboacional de desenvolvemento do programa: 4.

d) Achega de recursos propios ou doutras administracións: 3.

f) Actividades desenvolvidas en galego: 2.

Artigo 37º.-Pagamentos parciais e liquidación final.

1. Poderán acordarse pagamentos parciais ata o máximo do 80% do importe da concesión, a conta da liquidación e xustificación final, a medida que a entidade xustifique ter realizado un gasto equivalente ao pagamento parcial sempre que presente os seguintes documentos:

a) Certificación orixinal de gasto subscripta pola/o secretaria/o co visto e prace da/o presidenta/e da entidade, ou órganos similares, que acredite que gastos foron realizados e o seu importe.

b) Declaración complementaria de axudas segundo o establecido no artigo 12º.

c) Relación de xustificantes de gasto na que consten: número e data da factura ou documento equivalente, concepto, importe total e importe imputado ao programa.

d) Orixinal e copia das facturas, ou documentos equivalentes, dos gastos correspondentes á xustificación parcial. Estes documentos estarán emitidos conforme a normativa aplicable e acompañaranse dos xustificantes de pagamento e, de ser o caso, dos xustificantes de ter aboadas as cotas, taxas ou impostos correspondentes.

2. Procederá a liquidación final unha vez que as entidades beneficiarias xustifiquen debidamente o 125% do gasto subvencionado. No caso de que o importe da xustificación resulte inferior e isto supoña que varía a porcentaxe de subvención inicialmente concedida, minorarase a concesión inicial coa fin de non superar o devandito tope.

2.1. A data límite de presentación da xustificación é o 30 de novembro de 2008 e comprende a seguinte documentación:

a) Certificación orixinal da/o secretaria/o co visto e prace da/o presidenta/e da entidade, ou órganos similares, acreditativa do importe e dos gastos correspondentes ao custo da realización do programa e que este foi destinado para o fin para o que se concede.

b) Declaración complementaria de axudas segundo o establecido no artigo 12º.

c) Declaración orixinal descritiva do programa realizado que indicará, polo menos, as actuacións concretas levadas a cabo, o seu custo real e o número de participantes directas nestas conforme o anexo II.

d) Balance de ingresos e gastos, referido ao programa solicitado conforme o anexo III.

e) Relación de xustificantes de gasto na que consten: número e data da factura ou documento equivalente, concepto, importe total e importe imputado ao programa.

f) Orixinal e copia das facturas, ou documentos equivalentes, dos gastos correspondentes á liquidación final. Estes documentos estarán emitidos con-

forme a normativa aplicable e acompañaranse dos xustificantes de pagamento e, de ser o caso, dos xustificantes de ter aboadas as cotas, taxas ou impostos correspondentes.

2.2. No caso de que a xustificación fose incorrecta e/ou incompleta, requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez días, advertíndolle que, de non facelo, se procederá, logo de resolución, á revogación da subvención e, de ser o caso, a tramitación do expediente de reintegro da contía percibida e á exixencia dos xuros de demora.

SECCIÓN CUARTA

PROGRAMA 4: ESTÍMULO Á FORMACIÓN

Artigo 38º.-Obxecto.

O obxecto desta axuda é fomentar a mellora da capacitación das mulleres para ingresar no mercado de traballo no rol de asalariadas ou de traballadoras autónomas, para avanzar na solución da segregación horizontal e vertical por mor do xénero que sofre o mercado laboral galego, mediante a execución das seguintes actuacións cofinanciadas polo Fondo Social Europeo:

a) Apoio a programas destinados a facilitar a inserción laboral das mulleres impulsando a súa cualificación profesional naquelas profesións en que se atopen subrepresentadas e que sexan demandadas polo mercado de traballo.

b) Apoio a programas de formación en novas tecnoloxías para mulleres, nomeadamente aqueles que apostan por un desenvolvemento sustentable.

c) Apoio a proxectos formativos de carácter singular que poidan achegar un valor engadido ás accións anteriores.

d) Apoio a programas de formación que contribúan a sacar ao mercado e aos servizos públicos os labores de coidado que realizan maioritariamente as mulleres de xeito gratuíto nos fogares.

Artigo 39º.-Beneficiarias das axudas.

1. Poderán solicitar as subvencións entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que realicen accións baseadas no principio de igualdade de oportunidades das mulleres e cumbran o requisito establecido no artigo 5º desta resolución.

2. As entidades que obteñan a concesión de axudas poderán subcontratar, por unha soa vez, a realización das accións formativas financiadas con cargo a esta convocatoria tendo en conta as seguintes limitacións, obrigas e requisitos:

a) A subcontratación en ningún caso suporá un aumento do custo da acción formativa.

b) A necesidade de subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria da subvención.

c) A coordinación da acción formativa está excluída de calquera subcontratación.

d) A subcontratación abranguerá a totalidade da acción formativa (agás a coordinación) ou unicamente a docencia.

e) A entidade beneficiaria terá en conta que cada subcontratación terá que realizarse con subcontratistas diferentes.

f) A subcontratación exige autorización previa das/os delegadas/os provinciais deste organismo, que se solicitará no formulario que aparece como anexo I-4 (S-4). O contrato realizarase por escrito.

g) As entidades beneficiarias das subvencións son as responsables de que nas accións subvencionadas se respecten os límites establecidos na normativa aplicable en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e exixirán ás/aos subcontratistas a relación de persoal docente, os documentos acreditativos do pagamento das correspondentes retribucións, e os acreditativos do pagamento das bolsas e axudas segundo o establecido no punto 4 do artigo 45º.

h) As/os subcontratistas están obrigadas/os a facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións formativas subcontratadas.

i) A solicitude de calquera modificación respecto da execución da acción formativa subcontratada só poderá presentala a entidade beneficiaria da subvención.

3. O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller establecerá os controis correspondentes para garantir, con carácter previo á autorización, que as subcontratacións solicitadas polas distintas entidades se realizan con diferentes empresas; en caso contrario non se autorizará a súa celebración agás que se fundamente a súa necesidade nunha circunstancia excepcional indispensable para levar a cabo a acción formativa.

Artigo 40º.-*Destinatarias das accións formativas.*

Mulleres con residencia en Galicia maiores de idade ou emancipadas. Terán preferencia as mulleres que sufran situacións de violencia de xénero ou de exclusión social ou que teñan responsabilidades familiares non compartidas, así como as que desexen incorporarse á vida laboral despois dunha interrupción causada pola dificultade de compaxinar a súa vida laboral e familiar.

Exclusivamente para participar nos cursos do directorio de Servizo Galego de Igualdade cos códigos SGI049 e SGI050 poderán incorporarse homes ao alumnado, que cumpran os requisitos do punto anterior, como fórmula para achegar os homes ás problemáticas que atende esa formación en concreto: violencia de xénero e reequilibrio no uso do tempo.

Artigo 41º.-*Tipo de axudas.*

1. Os programas formativos levaranse a cabo por cursos, que serán obxecto de subvención para compensar os custos derivados da súa execución, sempre que se trate de gastos elixibles e que se xustifi-

quen de acordo co establecido nesta resolución e demais normativa de aplicación.

2. Os custos de cada curso determinaranse por módulos económicos. Cada curso constará de dous módulos (A e B). Os gastos que se incluírán en cada módulo determínanse no artigo 45º.

3. As subvencións terán unha contía máxima para cada curso que será o importe resultante de multiplicar o número de horas polo número de alumnas e polo importe do correspondente módulo previamente fixado e publicitado no directorio de cursos do Servizo Galego de Igualdade a través da súa páxina web oficial, fixándose así mesmo o importe máximo subvencionable correspondente a cada módulo, sen que en ningún caso as accións formativas previstas no artigo 48.1.b) poidan superar o importe máximo de subvención que figure no catálogo de cursos do Servizo Galego de Igualdade; a esta contía engadiráselle, de ser o caso, o custo dos servizos indicados no punto 4 do artigo 45º; a suma de ambas as dúas contías é o custo da acción formativa.

4. O importe da subvención financiará o 100% dos custos da acción formativa.

5. O cobramento destas subvencións será incompatible coa percepción de calquera outra axuda pública ou privada da mesma natureza e para a mesma acción.

6. Todas as accións formativas realizadas ao abeiro desta resolución estarán rematadas o 15 de novembro de 2008.

Artigo 42º.-*Obrigas das/os beneficiarias/os das subvencións.*

1. Ademais das obrigas establecidas con carácter xeral na normativa aplicable pola percepción de axudas públicas tendo en conta o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13º desta resolución, son obrigas das entidades beneficiarias de subvencións para impartir os cursos de formación para o emprego regulados nesta resolución, as seguintes:

a) Presentar a documentación de xestión das accións formativas correcta e completa e nos prazos establecidos.

b) Aboar mensualmente ás alumnas as axudas previstas no punto 4 do artigo 45º e ao persoal docente a súa remuneración. Non exime desta obriga o feito de que a entidade impartidora non percibise o anticipo previsto no artigo 46º.

c) Contratar un seguro de accidentes para as alumnas que cubra tanto os riscos que poidan ter durante o desenvolvemento do curso como os do traxecto ao lugar de impartición das clases e das prácticas. A súa duración abranguerá estritamente o período do curso, incluíndo expresamente as prácticas non laborais en empresas que figuren na programación, sen que poida admitirse restrición nin exclusión ningunha por razón do medio de transporte utilizado. Terá carácter obrigatorio en todas as accións forma-

tivas impartidas ao abeiro desta resolución e dará cobertura expresa, como mínimo, ás seguintes continxencias: en caso de morte 30.000 €; en caso de invalidez permanente 42.000 €; e asistencia médico-farmacéutica durante un ano a partir do sinistro.

d) Cando se realicen prácticas en empresas ou outras actividades relacionadas coa acción formativa, contratar unha póliza de responsabilidade civil para facer fronte aos riscos que poidan derivar da súa realización para os bens e as persoas.

e) Introducir o currículo das alumnas que rematen o curso, coa súa conformidade, na base de datos do Servizo Galego de Colocación na forma que estableza a consellería competente.

f) Elaborar os diplomas segundo o disposto no punto 4 do artigo 53º desta resolución.

2. O incumprimento das obrigas establecidas nesta resolución e na normativa aplicable será causa determinante de revogación da subvención, así como do reintegro, se é caso, dos importes percibidos e dos xuros de demora correspondentes.

Artigo 43º.-*Solicitudes e documentación específica.*

1. As solicitudes dirixíranse á delegación provincial competente segundo a provincia na que se vai desenvolver a acción formativa e presentaranse, de acordo co establecido co artigo 6º, no modelo normalizado que se publica como anexo I-4 (S-1) xunto co informe motivado sobre necesidades de formación na especialidade, acompañadas da seguinte documentación:

a) Documentos correspondentes que establece o artigo 7º.

b) Unha ficha por cada un dos cursos solicitados no modelo normalizado (anexo I-4(S-2)) a que se xuntará o programa formativo definido por módulos, que se poderán agrupar, atendendo á homoxeneidade do seu contido, en unidades formativas e o orzamento do custo da formación desagregado por módulos de acordo co disposto no artigo 45º.

c) Memoria detallada da acción (anexo I-4(S-3)) na cal se indicarán os criterios que se van utilizar para a selección das alumnas (un modelo por cada curso solicitado).

d) Declaración orixinal asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade de non percibir ningún tipo de axuda da mesma natureza concedida por calquera outra entidade pública ou privada.

e) Declaración orixinal asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade en que se exprese o acordo coas actuacións de control e supervisión do Fondo Social Europeo, da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

f) Solicitudes de autorización para subcontratacións (anexo I-4(S-4)), de ser o caso, xunto co informe motivado sobre as súas necesidades.

g) As entidades que soliciten formación directamente vinculada cunha contratación laboral ou promoción profesional, por un período de polo menos seis meses para un mínimo do 15% das alumnas, presentarán o correspondente compromiso, que estará asinado pola entidade que vaia realizar a contratación ou promoción das alumnas formadas.

2. Cando se trate de asociacións, federacións ou confederacións consignarase o número de membros que as integran no recadro correspondente do anexo I-4.

3. A presentación da solicitude comporta a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións á Axencia Estatal de Administración Tributaria, á Consellería de Economía e Facenda e á Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Artigo 44º.-*Criterios de avaliación.*

As comisións de valoración estudarán e avaliarán as solicitudes debidamente cubertas atendendo ao seguinte baremo:

a) Existencia de compromiso de contratación laboral ou promoción profesional: ata 3 puntos.

b) Accións formativas que promovan unha cualificación das mulleres de cara á obtención dos certificados de profesionalidade, nomeadamente en sectores de novas tecnoloxías: ata 3 puntos.

c) Accións formativas que promovan unha cualificación das mulleres naquelas profesións en que se atopan subrepresentadas en sectores económicos con oferta de emprego, ou en novos viveiros de emprego: ata 3 puntos.

d) Accións formativas que contribúan a sacar ao mercado e aos servizos públicos os labores de coidado que realizan maioritariamente as mulleres de xeito gratuíto nos fogares: ata 2 puntos.

e) Accións formativas dirixidas preferentemente a mulleres en situación de violencia de xénero, en risco de exclusión social ou con especiais dificultades de acceso ao emprego: ata 2 puntos.

f) Entidades que recibiron axudas no exercicio anterior con óptimo rendemento estimado segundo o cumprimento de obxectivos de emprego e a súa xustificación: ata 2 puntos.

g) Menor taxa de ocupación feminina no ámbito municipal para o que se solicitan os cursos: ata 2 puntos.

h) Inexistencia de accións formativas no ámbito territorial para o que se presenta a solicitude que sexan de parecidas características: 1 punto.

i) Accións formativas que inclúan unha fase de prácticas profesionais non laborais axeitada aos coñecementos impartidos: 1 punto.

j) Accións formativas desenvolvidas integramente en galego: 3 puntos.

Artigo 45º.-*Gastos subvencionables.*

1. Tendo en conta o indicado no artigo 41º, no módulo A inclúense os gastos de persoal e no B o resto dos custos aboables do curso. A cada un destes módulos fixaráselle un importe máximo, sendo a suma deles igual ao custo máximo subvencionable.

2. Poderanse considerar como custos aboables ou subvencionables correspondentes ao módulo A, os seguintes gastos de persoal desagregados que se xustifiquen debidamente:

a) Soldos ou honorarios de persoal docente, ou o prezo do servizo externo docente, e os correspondentes gastos de seguros sociais.

b) Gastos da actividade de coordinación, que deberá ser realizada por persoa física distinta das encargadas da impartición do curso. Os gastos de coordinación non poderán superar o 15% do total do módulo A.

3. Poderanse considerar como custos aboables ou subvencionables correspondentes ao módulo B os seguintes gastos correntes que se xustifiquen debidamente:

a) Gastos de seguros de accidentes das alumnas e, de ser o caso, gastos de seguros de responsabilidade civil.

b) Gastos de medios e materiais didácticos e dos materiais de traballo funxibles utilizados durante as actividades de formación, quedando excluídos os gastos de amortización de equipamentos e ferramentas.

c) Gastos xerais que teñan a súa orixe na actividade do curso: enerxía eléctrica, combustibles, mantemento das instalacións e dos equipamentos formativos; alugueiros e seguros, tanto de instalacións como de maquinaria; teléfonos e comunicacións; gastos de transporte necesarios para a realización de viaxes didácticas previstas no programa formativo ou as que así sexan apreciadas como necesarias e autorizadas expresamente polo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, podendo tamén incluír o importe das entradas para alumnas e persoal docente pero non a manutención durante as visitas; e publicidade expresamente autorizada e realizada de conformidade coas normas establecidas nesta resolución, para a execución dos cursos aprobados e programados.

4. Para favorecer o acceso á formación ás mulleres con especiais dificultades, ademais dos gastos imputables a cada módulo, establécense como gastos subvencionables:

a) Os gastos de servizos de escola infantil, para nenas e nenos de entre 0 e 12 anos, que se presten durante o horario do curso, sempre que así o soliciten como mínimo catro alumnas.

b) Os gastos de servizos de canguros, para nenas e nenos de entre 0 e 12 anos, no horario do curso sempre que haxa menos de catro solicitantes.

c) Os gastos de asistencia domiciliaria no horario do curso, en caso de ter unha persoa dependente ao cargo.

d) Bolsas para alumnas cun mínimo do 33% de discapacidade acreditada mediante certificado expedido polo organismo competente.

e) Axudas de transporte para aquelas alumnas que residan polo menos a 3 quilómetros do lugar de impartición da acción formativa, circunstancia que acreditará o órgano municipal correspondente.

As axudas para os puntos d) e e) son incompatibles.

Para o aboamento destes servizos as/os delegadas/os provinciais ditarán unha resolución de concesión complementaria por entidade adjudicataria para cubrir os gastos subvencionables por estes conceptos unha vez coñecidas as circunstancias concretas das alumnas de cada curso e tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias.

Artigo 46º.-*Solicitude de anticipo.*

1. Para o pagamento das subvención observarase o disposto no artigo 16 do Decreto 287/2000, e sen prexuízo do establecido nas normas comunitarias aplicables, poderanse solicitar anticipos de ata un 50% da concesión sempre que se solicite nos cinco días seguintes ao transcurso da primeira cuarta parte do curso e se remita ao órgano competente do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller a documentación acreditativa do inicio do curso e das modificacións producidas ata a data.

Artigo 47º.-*Pagamentos parciais e liquidación.*

1. Todas as accións formativas realizadas ao abeiro deste programa estarán rematadas o 15 de novembro de 2008 e a súa xustificación presentarase, necesariamente, como data límite o 30 de novembro de 2008.

2. Poderán acordarse pagamentos parciais á conta da liquidación definitiva a medida que a entidade beneficiaria xustifique os libramentos anteriores, que nunca serán superiores ao 80% da subvención concedida, e sempre que se achegue a correspondente xustificación parcial coa documentación sinalada no punto seguinte.

3. Unha vez rematada a acción formativa, deberán presentar a seguinte documentación:

-Certificación orixinal da/o secretaria/o co visto e prace da/o presidenta/e da entidade, ou órganos similares, que acredite que os gastos realizados foron aplicados para o fin para o que se concedeu a subvención.

-Declaración orixinal asinada pola/o representante legal da entidade de non percibir ningún tipo de axuda da mesma natureza concedida por calquera outra entidade pública ou privada.

-Orixinais e copias das facturas, ou documentos equivalentes, correspondentes aos gastos efectuados que xustifiquen a execución do 100% do custo da

acción formativa. Estes documentos estarán emitidos conforme a normativa aplicable e acompañaranse dos xustificantes de pagamento e, de ser o caso, dos xustificantes de ter aboado as cotas, taxas ou impostos correspondentes.

4. Antes de proceder ao pagamento da liquidación final ou, de ser o caso, dos pagamentos parciais, de acordo co artigo 43º.3 desta resolución polo órgano xestor incorporárase ao expediente a acreditación de que as entidades adxudicatarias están ao día nas súas obrigas tributarias e sociais e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración da comunidade autónoma.

5. O pagamento da liquidación final estará condicionado pola presentación dos diplomas correctamente cubertos para o seu rexistro.

6. Nos supostos de proxectos formativos con compromiso de contratación ou promoción profesional, non se realizará o pagamento da liquidación final mentres non se remitan as copias dos contratos de traballo rexistrados polo organismo público competente.

7. No caso de que a xustificación fose incorrecta e/ou incompleta requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez días, advertíndolle que, de non facelo, se procederá, logo de resolución, á revogación da subvención e, de ser o caso, ao reintegro da contía percibida e á exixencia dos xuros de demora.

Artigo 48º.-*Modalidades das accións formativas.*

1. Os cursos serán de carácter presencial e os programas formativos que se poden impartir ao abeiro desta resolución comprenden as seguintes modalidades:

a) Accións formativas incluídas no directorio do Servizo Galego de Igualdade de formación socio-laboral para mulleres.

b) Accións formativas caracterizadas como proxectos experimentais ou innovadores e accións formativas que sexan cualificadas de especial interese polo órgano competente por proposta da comisión de valoración con base no informe de necesidades de formación achegado pola entidade solicitante.

2. Todas as solicitudes se presentarán acompañadas dun informe motivado sobre as necesidades de formación na especialidade solicitada.

3. No caso de accións formativas previstas no artigo 48º.1 b) as entidades deberán xuntar á solicitude a seguinte documentación:

-Programa formativo definido por módulos, que se poderán agrupar, atendendo á homoxeneidade do seu contido, en unidades formativas.

-Orzamento do custo da formación desagregado por módulos de acordo co disposto no artigo 45º.

4. A duración total dos cursos é o resultado de engadir ás horas establecidas para a formación espe-

cífica as establecidas para os módulos de igualdade de oportunidades e de orientación profesional.

Artigo 49º.-*Módulo de igualdade de oportunidades.*

Todas as accións formativas incluírán obrigatoriamente un módulo de igualdade de oportunidades que terá unha duración de 10 horas e que será impartido e custeado desde o Servizo Galego de Igualdade ou a Secretaría Xeral de Igualdade da Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar da Xunta de Galicia.

Artigo 50º.-*Módulo de orientación profesional.*

As accións formativas incluírán un módulo de orientación e información profesional que terá unha duración de 5 horas e conterá información sobre as posibilidades de emprego abertas para a formación recibida e orientación sobre as técnicas de busca de emprego, posibilidades de autoemprego e fórmulas de economía social.

Artigo 51º.-*Selección de alumnas.*

1. Con carácter xeral, o número de alumnas participantes en cada curso estará comprendido entre 15 e 20, sen que, en ningún caso, poidan terse en conta máis de 15 alumnas para o cómputo da subvención, non podendo iniciarse a acción formativa se non se reúne un mínimo de 10.

2. Para a selección das alumnas a entidade que vai impartir o curso realizará unha convocatoria pública mediante anuncio, publicado polo menos a través dun dos xornais de maior tirada da provincia e obrigatoriamente en domingo, que requirirá a supervisión previa do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller. Neste anuncio especificarase como mínimo: a entidade ofertante, o financiamento da acción por parte do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e o Fondo Social Europeo, as prazas existentes, o curso de que se trata, o perfil requirido das alumnas, e o enderezo, teléfono, localidade e data de realización das probas de selección. Este anuncio será tamén remitido a todos os centros de información ás mulleres e puntos de información ás mulleres ou espazos de información ás mulleres que existan no territorio da acción formativa.

3. O custo dos anuncios que non se adapten aos anteditos requisitos e a calquera outro que puideran ser establecidos polo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller non será aboado con cargo ás axudas previstas nesta resolución.

4. O día da realización das probas de selección, a entidade requirirá as alumnas interesadas que presenten, na maior brevidade, os seguintes documentos:

-Copia do DNI.

-Copia do libro de familia ou informe dos servizos sociais do concello para os efectos de xustificar a inactividade laboral por coidado de familiares directos e para xustificar a solicitude de servizo de escola infantil ou axuda para canguros ou asistencia

domiciliaria, así como para xustificar as responsabilidades familiares non compartidas.

-Informe dos servizos sociais do concello para xustificar o risco de exclusión social.

-Informe dos servizos sociais ou sanitarios ou do PCOP ou sentenza ou orde de protección para xustificar a situación de violencia de xénero.

5. A entidade concluirá a selección levantando a correspondente acta, que se deberá remitir ao órgano competente do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller con sete días de antelación ao comezo do curso xunto coa documentación acreditativa da situación laboral das seleccionadas.

Artigo 52º.-*Inicio da acción formativa.*

1. As alumnas deberanse incorporar ao curso na data do seu inicio. De non incorporarse ou producirse baixas dentro da primeira cuarta parte do curso, poderanse substituír por alumnas procedentes da convocatoria pública.

2. Os cursos en que, a pesar de que se intentase completar o número de alumnas, diminúa o número de participantes ata unha cantidade inferior ao 50% do número programado, poderán ser suspendidos polo órgano competente do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller. Neste caso a entidade terá dereito a unha indemnización calculada de acordo co principio de proporcionalidade, que será proposta pola comisión de valoración e aprobada, de ser o caso, pola/o delegada/o provincial do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

3. En caso de non iniciarse o curso a entidade non terá dereito a indemnización.

Artigo 53º.-*Dereitos e deberes das alumnas.*

1. As alumnas que resulten seleccionadas para un curso non poderán asistir a outro simultaneamente, nin causar baixa nun para acceder a outro incluído dentro da programación de formación do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

2. No momento da incorporación teñen que cubrir correctamente a ficha individual e presentar, de ser o caso, a documentación acreditativa de ter dereito á percepción de bolsas ou axudas de transporte.

3. Teñen a obriga de asistir e seguir os cursos con aproveitamento e facilitar a documentación que lles solicite a entidade impartidora. Será causa de exclusión incorrer en máis de dúas faltas de asistencia non xustificadas no mesmo mes.

4. As que rematen os cursos con aproveitamento e polo menos asistirán ao 75% das horas lectivas terán dereito a un diploma oficial, que se expedirá exclusivamente no modelo que estableza o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, en que constarán os seguintes datos:

-No anverso: denominación da entidade impartidora; nome, apelidos e DNI da alumna; denominación

do curso; número de horas; localidade e datas de realización.

-No reverso: programa que indique os módulos impartidos agrupados en unidades formativas e a súa duración.

5. Computaranse como alumnas que remataron o curso aquelas que precisen abandonalo antes da súa finalización por ter atopado un emprego, acreditando tal extremo e sempre que asistisen ao 75% das horas e a/o docente consideren que teñen os coñecementos equivalentes ao nivel do curso. O número de alumnas que rematen o curso non pode superar o previsto no punto 1 do artigo 51º.

Artigo 54º.-*Documentación para a xestión dos cursos.*

1. As entidades adxudicatarias das axudas están obrigadas a presentar na delegación provincial correspondente a documentación que se relaciona nos prazos que se indican:

a) O modelo do anuncio de convocatoria pública para a súa conformidade, antes da publicación en prensa e da súa remisión aos centros de información ás mulleres e puntos de información ás mulleres ou espazos de información ás mulleres que existan no territorio da acción formativa.

b) Dentro dos 7 días anteriores ao comezo dos cursos:

b.1. O programa docente completo, estruturado por módulos, indicando o tempo en horas de cada un deles, así como os seus contidos teórico-prácticos.

b.2. As datas de inicio e remate dos cursos e, de ser o caso, a planificación temporal das actividades relacionadas co curso.

b.3. O enderezo completo do lugar de impartición.

b.4. A relación de docentes que van impartir o curso xunto cos currículos e documentación acreditativa de que posúen a formación e experiencia suficientes de acordo coas exixencias específicas establecidas para cada acción formativa.

b.5. O resultado da selección de alumnas xunto coa documentación relacionada no artigo 53º.5 desta resolución.

b.6. Copia da páxina do xornal que conteña o anuncio da convocatoria.

Unha copia da documentación relacionada na letra b) estará exposta no taboleiro do centro onde se imparta. Calquera modificación posterior destas circunstancias estará supeditada á previa autorización do órgano competente do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

c) O día de inicio do curso: certificación xustificativa do seu comezo.

d) Dentro dos dez días seguintes ao inicio do curso:

d.1. A ficha de inicio do curso.

d.2. Documentación do órgano municipal competente para a percepción das axudas de transporte.

d.3. Certificación de discapacidade, expedida polo organismo competente, para a percepción de bolsas.

d.4. Orzamento do custo previsto dos servizos de escola infantil, canguros e asistencia domiciliaria.

d.5. As fichas das alumnas.

e) Con carácter mensual:

e.1. A folla de control de asistencia.

e.2. As nóminas das alumnas receptoras de bolsas ou axudas de transporte.

Artigo 55º.-*Seguimento das accións formativas.*

O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller realizará o seguimento e control das accións formativas. Cando se detecte a existencia de irregularidades ou deficiencias requiriráselle á entidade adxudicataria a súa emenda; de non realizarse no prazo concedido procederáse á revogación e, de ser o caso, ao reintegro da subvención percibida e á exixencia dos xuros de demora.

Disposicións adicionais

Primeira.-O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller poderá ditar resolucións de concesión de carácter complementario cando existan fondos provenientes de renuncias expresas, fondos de subvencións inicialmente concedidas para programas que por causa xustificada non puidesen realizarse ou de remanentes de módulos, ou por incremento dos orzamentos establecidos no artigo 2º nos supostos previstos no artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As comisións de valoración realizarán propostas motivadas de adxudicación complementarias que atenderán proxectos inicialmente desestimados ou destinaranse a incrementar a axuda doutros subvencionados parcialmente, de acordo cos criterios de avaliación fixados na resolución. No suposto previsto no artigo 45º.4 as propostas motivadas de adxudicación complementarias destinadas a incrementar a axuda doutros subvencionados parcialmente se realizarán segundo a orde de presentación de solicitudes tendo en conta as disponibilidades orzamentarias, e no caso de que o número de solicitudes presentadas prevexa gastos superiores ó crédito dispoñible, procederáse a facer unha repartición de xeito proporcional ás solicitudes presentadas.

Segunda.-De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, este organismo publicará na súa páxina web oficial as concesións de subvencións segundo se indica no punto 4 do artigo 10º desta resolución, e incluírá as referidas axudas e sancións impostas por consecuencia delas nos correspondentes rexistros públicos, polo que coa presentación da solicitude se presta expresamente o consentimento para o tratamento necesario dos datos persoais das persoas e entidades beneficiarias e a referida publicidade.

Terceira.-O prazo para a presentación da xustificación poderá ser prorrogado pola directora xeral ou polas/os delegadas/os provinciais cando se trate de subvencións concedidas con carácter complementario e comunicaráselles ás/aos beneficiarias/os na notificación da resolución de concesión.

Cuarta.-Ás/aos beneficiarias/os das axudas reguladas nesta resolución seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinta.-Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da comunidade autónoma, o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller levará a cabo as funcións de control, así como de seguimento e avaliación dos programas.

Sexta.-O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións e requisitos exixidos nos diferentes programas desta resolución.

Sétima.-O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller manterá na súa páxina web durante a vixencia do procedemento os programas formativos referidos na letra a) do artigo 48º. Así mesmo, remitirá a todas as entidades adxudicatarias o manual práctico de formación co fin de facilitarlles o cumprimento das súas obrigas e a xestión das accións formativas reguladas na sección 4ª; nel incluíranse os formularios normalizados para a correcta execución dos cursos. O seu contido é de obrigado cumprimento para as entidades beneficiarias da subvención.

Oitava.-Apróbase a delegación de atribucións da directora xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller nas/os delegadas/os provinciais do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, no ámbito das súas competencias, para resolver os expedientes das subvencións reguladas na seccións 1ª e 4ª do capítulo III desta resolución.

Disposicións derradeiras

Primeira.-A Dirección Xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller ditará as instrucións que sexan necesarias para o axeitado desenvolvemento e cumprimento desta convocatoria.

Segunda.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2008.

Ana Luísa Bouza Santiago
Directora do Servizo Galego de Promoción
da Igualdade do Home e da Muller



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E
DO BENESTAR
Secretaría Xeral da Igualdade

ANEXO I-1



SERVIZO
GALEGO DE
IGUALDADE

UNIÓN
EUROPEA
Fondo Social
Europeo



PROCEDEMENTO AXUDAS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA PROGRAMAS DESTINADOS Á PROMOCIÓN DE MULLERES	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO VP427A	DOCUMENTO SOLICITUDE ACTIVIDADES
---	---	--

DATOS DA/O SOLICITANTE

DONA/DON		DNI	
[]			
ENDEREZO			
[]			
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO
[]	[]	[]	[]

En representación legal de:

ENTIDADE			CIF
[]			[]
ENDEREZO		CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE
[]		[]	[]
PROVINCIA	TELÉFONO/S		FAX
[]	[]		[]
NÚM.DE SOCIAS OU AFILIADAS	NÚM. REGISTRO (ÁREA DE MULLER)	ÁMBITO DA ENTIDADE	
[]	[]	<input type="checkbox"/> NACIONAL <input type="checkbox"/> AUTONÓMICO <input type="checkbox"/> PROVINCIAL <input type="checkbox"/> COMARCAL <input type="checkbox"/> LOCAL	

DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

EXPÓN:

Que considerando reunir os requisitos exixidos segundo se mostra nos documentos que se achegan e con expresa aceptación de todos os termos expresados na resolución correspondente, solicita unha subvención para as actuacións que a seguir se relacionan:

		ORZAMENTO DE GASTOS	IMPORTE SOLICITADO
<input type="checkbox"/> a) DE FOMENTO ASOCIATIVO OU COMUNITARIO: (máximo días)			
1ª	[]	[]	[]
2ª	[]	[]	[]
<input type="checkbox"/> b) DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO XERAL NA ÁREA DE MULLER: (máximo días)			
1ª	[]	[]	[]
2ª	[]	[]	[]
		[]	[]

ACTIVIDADE PREFERENTE: [] / [] / [] / []

DECLARA que presta expresamente o seu consentimento ao Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, publique as subvencións concedidas no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial, e inclúa as referidas axudas e sancións impostas por consecuencia delas nos rexistros públicos correspondentes con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade.

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA:

<input type="checkbox"/> FOTOCOPIA COMPULSADA DO DNI DA PERSOA FÍSICA QUE ASINA A SOLICITUDE	<input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN ORIXINAL BANCARIA
<input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN ORIXINAL QUE ACREDITE PODER SUFICIENTE PARA ACTUAR EN NOME DA ENTIDADE	<input type="checkbox"/> ORZAMENTO E BALANCE DE SITUACIÓN DA ENTIDADE
<input type="checkbox"/> FOTOCOPIA COMPULSADA DA TARXETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL	<input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN DE ASOCIACIÓNS E/OU FEDERACIÓNS INTEGRADAS
<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DE AXUDAS	<input type="checkbox"/> PROXECTO DE EXECUCIÓN DA ACCIÓN OBXECTO DE SUBVENCIÓN
	<input type="checkbox"/> ORZAMENTO DE GASTO PORMENORIZADO DE CADA ACCIÓN

SOLICITUDES PRESENTADAS NOUTRAS DELEGACIÓNS PROVINCIAIS:

A CORUÑA LUGO OURENSE PONTEVEDRA

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 18 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións dirixidas a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento de programas destinados á promoción e á formación de mulleres e se procede á súa convocatoria.

SINATURA DA/O REPRESENTANTE

_____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
[]	[]
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
[]	____/____/____
	DATA DE EFECTOS
	____/____/____
	DATA DE SAÍDA
	____/____/____

[]



XUNTA DE GALICIA
 VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E
 DO BENESTAR
 Secretaría Xeral da Igualdade

ANEXO I-2



UNIÓN
 EUROPEA
 Fondo Social
 Europeo



PROCEDEMENTO AXUDAS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA PROGRAMAS DESTINADOS Á PROMOCIÓN DE MULLERES	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO VP427A	DOCUMENTO SOLICITUDE (CENTROS)
--	---	---

DATOS DA/O SOLICITANTE

DONA/DON		DNI	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO			
<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

En representación legal de:

ENTIDADE		CIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO		CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>
PROVINCIA	TELÉFONO/S		FAX
<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>
NÚM.DE SOCIAS OU AFILIADAS	NÚM. REXISTRO (ÁREA DE MULLER)	ÁMBITO DA ENTIDADE	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> NACIONAL <input type="checkbox"/> AUTÓNOMICO <input type="checkbox"/> PROVINCIAL <input type="checkbox"/> COMARCAL <input type="checkbox"/> LOCAL	

DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

EXPÓN:

Que considerando reunir os requisitos exixidos segundo se mostra nos documentos que se achegan e con expresa aceptación de todos os termos expresados na resolución correspondente, solicita unha subvención para os programas que a seguir se relacionan:

<input type="checkbox"/> CENTRO DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA:	ORZAMENTO DE GASTOS	IMPORTE SOLICITADO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DECLARA que presta expresamente o seu consentimento ao Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, publique as subvencións concedidas no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial, e inclúa as referidas axudas e sancións impostas por consecuencia delas nos rexistros públicos correspondentes con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade.

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA:

<input type="checkbox"/> FOTOCOPIA COMPULSADA DO DNI DA PERSOA FÍSICA QUE ASINA A SOLICITUDE <input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN ORIXINAL QUE ACREDITE PODER SUFICIENTE PARA ACTUAR EN NOME DA ENTIDADE <input type="checkbox"/> FOTOCOPIA COMPULSADA DA TARXETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DE AXUDAS <input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN ORIXINAL BANCARIA <input type="checkbox"/> ORZAMENTO E BALANCE DE SITUACIÓN DA ENTIDADE <input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN DE ASOCIACIÓNS E/OU FEDERACIÓNS INTEGRADAS <input type="checkbox"/> PROXECTO DE EXECUCIÓN DA ACCIÓN <input type="checkbox"/> ORZAMENTO DE GASTO PORMENORIZADO <input type="checkbox"/> OUTROS <input type="text"/>

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 18 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións dirixidas a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento de programas destinados á promoción e á formación de mulleres e se procede á súa convocatoria.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO <input type="text"/> REVISADO E CONFORME <input type="text"/>	NÚMERO DE EXPEDIENTE <input type="text"/> DATA DE ENTRADA ___/___/___ DATA DE EFECTOS ___/___/___ DATA DE SAÍDA ___/___/___
SINATURA DA/O REPRESENTANTE _____, de _____ de _____		



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E
DO BENESTAR
Secretaría Xeral da Igualdade

ANEXO I-3



SERVIZO
GALEGO DE
IGUALDADE

UNIÓN
EUROPEA
Fondo Social
Europeo



PROCEDEMENTO AXUDAS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA PROGRAMAS DESTINADOS Á PROMOCIÓN DE MULLERES	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO VP427A	DOCUMENTO SOLICITUDE (RECURSOS)
---	---	---

DATOS DA/O SOLICITANTE

DONA/DON		DNI	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO			
<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

En representación legal de:

ENTIDADE		CIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO		CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>
PROVINCIA	TELÉFONO/S		FAX
<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>
NÚM.DE SOCIAS OU AFILIADAS	NÚM. REGISTRO (ÁREA DE MULLER)	ÁMBITO DA ENTIDADE:	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> NACIONAL <input type="checkbox"/> AUTONÓMICO <input type="checkbox"/> PROVINCIAL <input type="checkbox"/> COMARCAL <input type="checkbox"/> LOCAL	

DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA**EXPÓN:**

Que considerando reunir os requisitos exixidos segundo se mostra nos documentos que se achegan e con expresa aceptación de todos os termos expresados na resolución correspondente, solicita unha subvención para os programas que a seguir se relacionan:

TIPO:	ESPECIFICAR DENOMINACIÓN	IMPORTE GASTOS	IMPORTE SOLICITADO
<input type="checkbox"/> PROSTITUCIÓN	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> RECLUSAS	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> DROGODEPENDENTES	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> ANCIÁS SOAS	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> DISCAPACITADAS	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> INMIGRANTES	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> MINORÍAS ÉTNICAS	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> APOIO XURÍDICO	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> APOIO PSICOLÓXICO	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> APOIO SAÚDE SEXUAL E REPRODUTIVA	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> ACOMPAÑAMENTO A VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> OUTROS	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TOTAL:		<input type="text"/>	<input type="text"/>

DECLARA que presta expresamente o seu consentimento ao Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, publique as subvencións concedidas no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial, e inclúa as referidas axudas e sancións impostas por consecuencia delas nos rexistros públicos correspondentes con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade.

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA:

<input type="checkbox"/> FOTOCOPIA COMPULSADA DO DNI DA PERSOA FÍSICA QUE ASINA A SOLICITUDE <input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN ORIXINAL QUE ACREDITE PODER SUFICIENTE PARA ACTUAR EN NOME DA ENTIDADE <input type="checkbox"/> FOTOCOPIA COMPULSADA DA TARXETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DE AXUDAS <input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN ORIXINAL BANCARIA <input type="checkbox"/> ORZAMENTO E BALANCE DE SITUACIÓN DA ENTIDADE <input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN DE ASOCIACIÓNS E/OU FEDERACIÓNS INTEGRADAS <input type="checkbox"/> PROXECTO DE EXECUCIÓN DO PROGRAMA <input type="checkbox"/> ORZAMENTO DE GASTO PORMENORIZADO <input type="checkbox"/> OUTROS <input type="text"/>

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 18 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións dirixidas a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento de programas destinados á promoción e á formación de mulleres e se procede á súa convocatoria.

SINATURA DA/O REPRESENTANTE

, de de

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
<input type="text"/>	___/___/___
	DATA DE EFECTOS
	___/___/___
	DATA DE SAÍDA
	___/___/___



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral da Igualdade

ANEXO I-4 (S-1)



SERVIZO GALEGO DE IGUALDADE

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo



PROCEDEMENTO AXUDAS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA PROGRAMAS DESTINADOS Á FORMACIÓN DE MULLERES	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO VP428B	DOCUMENTO SOLICITUDE (S-1) (FORMACIÓN)
---	---	--

DATOS DA/O SOLICITANTE

DONA/DON		DNI	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO			
<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

En representación legal de:

ENTIDAD		CIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO		CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>
PROVINCIA	TELÉFONO/S		FAX
<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>

DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

EXPÓN:

Que considerando reunir os requisitos exixidos segundo se mostra nos documentos que se achegan e con expresa aceptación de todos os termos expresados na resolución correspondente, solicita unha subvención para as actuacións que a seguir se relacionan:

DENOMINACIÓN DO CURSO	CÓDIGO
1. <input type="text"/>	<input type="text"/>
2. <input type="text"/>	<input type="text"/>
3. <input type="text"/>	<input type="text"/>

DECLARA que presta expresamente o seu consentimento ao Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, publique as subvencións concedidas no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial, e inclúa as referidas axudas e sancións impostas por consecuencia delas nos rexistros públicos correspondentes con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade.

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA:

- FOTOCOPIA COMPULSADA DO DNI DA PERSOA FÍSICA QUE ASINA A SOLICITUDE
- CERTIFICACIÓN ORIXINAL QUE ACREDITE PODER SUFICIENTE PARA ACTUAR EN NOME DA ENTIDADE
- FOTOCOPIA COMPULSADA DA TARXETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL
- DECLARACIÓN DE AXUDAS
- CERTIFICACIÓN ORIXINAL BANCARIA
- ORZAMENTO E BALANCE DE SITUACIÓN DA ENTIDADE
- CERTIFICACIÓN DE ASOCIACIÓNS E/OU FEDERACIÓNS INTEGRADAS
- INFORME MOTIVADO SOBRE NECESIDADES DE FORMACIÓN NAS ESPECIALIDADES SOLICITADAS
- FICHAS DE CURSOS
- MEMORIAS DETALLADAS
- DECLARACIÓN DO ACORDO COAS ACTUACIÓNS DE CONTROL E SUPERVISIÓN
- SOLICITUDES DE AUTORIZACIÓN PARA SUBCONTRATACIÓNS E INFORMES MOTIVADOS
- XUSTIFICACIÓN DO GRAO DE INSERCIÓN LABORAL
- COMPROMISO DE CONTRATACIÓN LABORAL
- COMPROMISO DE PROMOCIÓN PROFESIONAL
- PROGRAMA INDICATIVO DAS UNIDADES FORMATIVAS IMPARTIDAS
- PROGRAMA MODULAR DAS UNIDADES FORMATIVAS QUE HAI QUE IMPARTIR
- ORZAMENTO DESAGREGADO POR MÓDULOS ECONÓMICOS
- RELACIÓN DE ALUMNAS DEMANDANTES DA FORMACIÓN
- OUTROS

IMPORTANTE:

POR CADA CURSO SOLICITADO ACHEGARASE UNHA FICHA DE CURSO E UNHA MEMORIA NOS MODELOS ANEXO I-4 S-2 E I-4 S-3

SINATURA DA/O REPRESENTANTE

_____, de _____ de _____

DELEGADO/A PROVINCIAL DO SERVIZO GALEGO DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER DE



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E
DO BENESTAR
Secretaría Xeral da Igualdade

ANEXO I-4 (S-2)



UNIÓN
EUROPEA
Fondo Social
Europeo



PROCEDEMENTO AXUDAS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA PROGRAMAS DESTINADOS Á FORMACIÓN DE MULLERES	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO VP428B	DOCUMENTO SOLICITUDE (S-2) (FORMACIÓN)
---	---	--

FICHA DE CURSO DE FORMACIÓN

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE

ENTIDADE

PERSOA ENCARGADA DA COORDINACIÓN

NOME E APELIDOS		DNI	
ENDEREZO		CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE
PROVINCIA	TELÉFONO	FAX	
VÍNCULO COA ENTIDADE BENEFICIARIA			

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CURSO

DENOMINACIÓN DO CURSO		CÓDIGO	
IMPARTICIÓN <input type="checkbox"/> TOTAL <input type="checkbox"/> POR UNIDADES	COLECTIVO PREFERENTE QUE SE VAI FORMAR:	SOLICÍTASE AUTORIZACIÓN PARA SUBCONTRATAR (ANEXO IV) <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/> SI (<input type="checkbox"/> TOTAL <input type="checkbox"/> PARCIAL)	
CENTRO DE IMPARTICIÓN			
ENDEREZO DE IMPARTICIÓN			CÓDIGO POSTAL
LOCALIDADE DE IMPARTICIÓN	PROVINCIA	TELÉFONO	
HORAS TOTAIS	HORAS TEÓRICAS	HORAS PRÁCTICAS	HORARIO PREVISTO
DATA DE INICIO	DATA DE FINALIZACIÓN	TOTAL DÍAS LECTIVOS	TOTAL DÍAS NATURAIS
COMPROMISO DE CONTRATACIÓN LABORAL <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON		COMPROMISO DE PROMOCIÓN PROFESIONAL <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E
DO BENESTAR
Secretaría Xeral da Igualdade

ANEXO I-4 (S-3)



UNIÓN
EUROPEA
Fondo Social
Europeo



PROCEDEMENTO AXUDAS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA PROGRAMAS DESTINADOS Á FORMACIÓN DE MULLERES	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO VP428B	DOCUMENTO SOLICITUDE (S-3) (FORMACIÓN)
---	---	--

MEMORIA

1. Perfil das alumnas que se van formar. (Colectivo preferente que se vai formar, nivel formativo, experiencia profesional)

2. Relación detallada do equipamento, medios didácticos e materiais que se van utilizar

3. Programa do curso temporizado por materias. (Incluído o programa do módulo de igualdade de oportunidades e o programa do módulo de orientación profesional, de ser o caso)

4. Currículo do profesorado con mención expresa da súa experiencia en relación co curso, así como se ten formación en metodoloxía didáctica

5. Descrición das aulas e talleres / metros cadrados, luminosidade, seguridade, etc.



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E
DO BENESTAR
Secretaría Xeral da Igualdade

ANEXO I-4 (S-4)



SERVIZO
GALEGO DE
IGUALDADE

UNIÓN
EUROPEA
Fondo Social
Europeo



PROCEDEMENTO

**AXUDAS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA
PROGRAMAS DESTINADOS Á FORMACIÓN DE MULLERES**

CÓDIGO DO PROCEDEMENTO

VP428B

DOCUMENTO

**SOLICITUDE (S-4)
(FORMACIÓN)**

SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA SUBCONTRATAR

Dona/Don , con DNI
en nome e representación da entidade , con CIF
en calidade de

SOLICITA:

Autorización para contratar a impartición (total/docencia)
do curso (denominación do curso)
co centro homologado (denominación fiscal, CIF e enderezo)

Esta entidade como adxudataria da subvención, asume toda a responsabilidade de execución da actividade subvencionada fronte á Administración e queda obrigada ao cumprimento dos requisitos exixidos ao respecto na normativa vixente e a presentar ao órgano competente do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller un exemplar orixinal do contrato asinado para o efecto, nos cinco días seguintes á súa formalización.

A/O subcontratista quedará obrigada/o expresamente a facilitarlle aos organismos de auditoría e control toda a información que se lle requira relativa ás accións subvencionadas.

Asdo.:

_____, de _____ de _____

AUTORIZADO: SI NON

_____, de _____ de _____ Asdo.:

(A/O delegada/o provincial)

